

Resumo da predición para os próximos días

Predición elaborada o 15 xaneiro 2021

Comentario para o venres, 15 xaneiro

Hoxe recupérase a influencia anticiclónica sobre Galicia durante o venres. Deste xeito, aínda pola mañá os ceos estarán bastante anubrados e con néboas en comarcas do interior, pero diminuindo as nubes a medida que avance o día. As temperaturas experimentarán un lixeiro ascenso. Os ventos soprarán frouxos de dirección variable.

Comentario para o sábado, 16 xaneiro

O sábado Galicia estará baixo influencia anticiclónica, pero cunha fronte achegándose polo norte nas últimas horas do día. Polo tanto, o ceo estará parcialmente cuberto na metade oeste e máis despexado no leste das provincias de Lugo e Ourense. As temperaturas mínimas experimentarán un lixeiro descenso e as máximas non terán cambios significativos. O vento soprará frouxo do sudoeste en xeral e forte entre Costa da Morte e Estaca de Bares pola tarde.

Comentario para o domingo, 17 xaneiro

Unha fronte rozará Galicia durante este día, deixando ceos moi anubrados ou cubertos, con posibilidade de precipitacións febles máis probables canto máis ó norte e ó oeste da Comunidade. As temperaturas mínimas experimentarán un moderado ascenso, mentres que as máximas continuarán sen cambios significativos. Os ventos soprarán do sudoeste, frouxos en xeral.

Comentario para o luns, 18 xaneiro

O luns Galicia estará con influencia anticiclónica transitoriamente. Deste xeito, o ceo estará despexado en xeral, con néboas en comarcas do interior pola mañá e presenza de nubes baixas no oeste da provincia de A Coruña. As temperaturas non terán cambios significativos. O vento soprará frouxo de compoñente sur, forte ao final do día entre Fisterra e Estaca de Bares.

Comentario para os vindeiros días

Durante este período Galicia perderá progresivamente a influencia anticiclónica, de xeito que probabilidade de precipitación será elevada. As temperaturas mínimas ascenderán, xa quedando poucas xeadas; as máximas terán un lixeiro ascenso.



Boletín fitosanitario de avisos e informacións

15/01/2021 Ourense

COUZA GUATEMALTECA DA PATACA

Tecia solanivora Povolny

Praga de corentena provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*. Foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015. Declarouse a presenza da praga de corentena a través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 209, do 3 de novembro).

É un insecto lepidóptero que pode atacar ás patacas, tanto en campo como en almacén. Os adultos son nocturnos e voan distancias curtas. No campo poñen os seus ovos no chan ou nos tubérculos ao descuberto. De calquera xeito, as larvas emerxentes entran nos tubérculos e aliméntanse deles, podendo deixalos perforados de galerías e completamente inservibles. En almacén poñen os ovos directamente sobre os tubérculos, podendo chegar a provocar danos moi importantes. A fase de pupa pode ter lugar no chan, nas paredes dos almacéns, nos sacos almacenados, etc.

Síntomas e danos

Desenvólvese exclusivamente sobre tubérculos de pataca. A detección e identificación de síntomas de dano é similar á doutras couzas da pataca. As larvas forman galerías que conteñen residuos de comida e excrementos. O orificio de entrada pode permanecer oculto pero os buracos de saída circulares son visibles cando as larvas abandonan os tubérculos. Pódese producir descomposición secundaria debido ao ataque doutros organismos.

Hospedantes afectados e dispersión da praga

Pode afectar ás patacas tanto durante a fase de cultivo como no almacén. De feito é en almacén onde se detectan os maiores danos.

A dispersión da praga é principalmente a través de dúas vías:

- Por dispersión natural

Non ten unha gran capacidade de voo, pero no caso de Galicia, debido á gran cantidade de pequenas parcelas de cultivo de pataca que existen e á súa diseminación no territorio, a dispersión natural pode ser importante.

- Mediante o movemento de tubérculos afectados

É a principal vía de dispersión, sobre todo a largas distancias, debido á gran capacidade de desenvolvemento desta praga dentro do almacén. Debido a isto é moi importante que as patacas cultivadas en zonas afectadas por esta praga non se envíen fóra destas zonas.

Pódese consultar a folia informativa na seguinte páx da Consellería do Medio Rural, sempre actualizando a información das zonas infectadas coa recente Resolución do 22 de decembro

de 2020 (DOG núm. 9 do 15/01/2021)..

https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/temas/agricultura/sanidade-vegetal/organismos_nocivos_de_corentena/tecia_solanivora/folleto_informativo_POLILLA_GUATEMALTECA.pdf

Nas zonas infectadas está prohibida a plantación de pataca.

Nas zonas tampón o cultivo debe ser declarado.

Outras pragas de corentena

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cua-rentena>



Detalle Tecia no tecido do saco.



Danos Couza guatemalteca.



Aspecto de pataca con danos de Tecia.



Galerías internas por Tecia en pataca.